



Concello de Sarria

Nº de expediente: 2350/2023

DECRETO DO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA DON CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ

Vista a proposta de Bases da Concellería de AREA EDUCACIÓN, FESTAS, MULLER, INTEGRACIÓN MATADOIRO E BENESTAR ANIMAL , de data 7 de decembro de 2023, para a organización da I EDICIÓN DO CONCURSO DE SOBREMESAS UN NADAL CON SABOR 2023.

Vista a fiscalización favorable da Intervención Municipal no Informe de Intervención número 2023/0496, de data 7 de decembro de 2023.

Tendo en conta que a adxudicación dos premios estará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio 2023.

Por todo o exposto e considerando a competencia da Alcaldía en materia de disposición de gastos e ordenación de pagamentos de acordo cos arts. 21.1.f) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 41.17 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras da a I edición do Concurso de Sobremesas “Un Nadal con sabor” 2023 de acordo coas bases reguladoras que se expoñen a continuación:

PRIMEIRO. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA I EDICIÓN DO CONCURSO DE SOBREMESAS UN NADAL CON SABOR 2023.

A) Participantes: Poderán participar todas as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade no momento de realizar a inscrición de participación.
- Non ser profesional desta materia.

B) Condicións:

- Os doces deben de estar relacionados coa temática de Nadal (pola presentación, os ingredientes, o tipo de doce...).
- Os doces presentaránse xa elaborados e en perfectas condicións para ser consumidos e deberán ser consumibles para un mínimo de 5 comensais.
- Para que o concurso sexa efectivo deberá haber un mínimo de 5 inscritos.

SEGUNDO. INSCRICIÓN.

A) Data e forma de inscrición e presentación: A inscrición realizarase mediante correo electrónico entre os días 12 e 22 de decembro acompañada do Anexo I o correo sobremesa.nadal@sarria.gal. A inscrición non será efectuada se a/o participante non recibe un correo coa confirmación da recepción por parte do Concello de Sarria. Non se admitirán inscricións presentadas fora do prazo e medios establecidos nestas bases.

As bases do concurso poderanse descargar na páxina web oficial do Concello de Sarria www.sarria.es e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>.





Concello de Sarria

B) Aceptación das bases: O simple feito de participar co envío da inscrición significa a aceptación das bases deste concurso.

C) Tratamento de datos: Os datos dos participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Sarria, coa única finalidade de xestionar o proceso de participación no Concurso de Sobremesas “Un Nadal con sabor”. En ningún momento se empregará esta información para outras actuacións. As autoras e autores poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos mediante escrito ao correo electrónico, ou ao Concello de Sarria Rúa Maior 14, 27600 SARRIA (LUGO).

O Concello de Sarria comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

TERCEIRO. PREMIOS.

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €

4º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €

As tarxetas regalo soamente poder ser utilizadas en establecementos do Municipio de Sarria.

CUARTO. PRESENTACIÓN DAS SOBREMESAS.

As sobremesas presentaranse listas para degustar o **26 de decembro as 17:00h no mercado de Nadal da Praza da Vila**, en perfectas condicións de consumo e en bandexa desbotable. Irán acompañadas cun sobre onde figurarán os ingredientes utilizados. Cada sobremesa debe de ter un nome que non identifique o participante.

QUINTO. COMUNICACIÓN AOS GAÑADORES.

Un xurado de 3 membros evaluará o sabor, a elaboración, a orixinalidade e a creatividade da presentación. A identidade dos participantes non será desvelada ata a asignación dos premios. Comunicarase os premios e publicarase a información na páxina web e nas redes sociais.

SEXTO. CESIÓN DO USO DA IMAXE E DA RECEITA

A concelleira resérvase o dereito de realizar a publicación da imaxe e da receta das sobremesas recibidas, facendo mención á persoa que o elaborou.

SÉPTIMO. OUTROS.

Todas as dúbidas, problemas e queixas que xurdan na interpretación destas bases resolveranse directamente pola Concelleira Delegada.

Segundo.- Publicar as Bases da I EDICIÓN DO CONCURSO DE SOBREMESAS UN NADAL CON SABOR 2023 no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica.

En Sarria, a data da sinatura dixital ao marxe.





Concello de Sarria

ANEXO
I EDICIÓN DO CONCURSO DE SOBREMESAS “UN NADAL CON SABOR”.
2023-24

DATOS DA/O PARTICIPANTE	
Apelidos e nome	
NIF ou NIE	
Data de nacemento	
Teléfono	
Correo electrónico	
Enderezo	
Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos	
<input type="checkbox"/> Fun informada/o de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.	
Información básica sobre protección de datos.	
Responsable	Concello de Sarria.
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse os datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento de Datos. Non hai previsión de transferencia a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://sarria.sedelectronica.es/privacy
FIRMA	
<input type="checkbox"/> PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación.	
Sarria, _____, de _____ de 2023.	
SINATURA:	

